



Sonia López
CEO
Mr Broc



// Sector
Gráfico



// Localización
Vigo



// Ano de constitución
2014



// N° empregados
3

// Descrición da empresa

Mr Broc é unha empresa en liña (e-commerce) de recente creación que se dedica á transformación dos debuxos infantís en produtos de deseño. O seu investimento en tecnoloxía permitiulle desenvolver aplicacións nas que as familias poden desenvolver os seus produtos personalizados dunha forma rápida e sinxela.

"De cara ao futuro temos claro o plan de marketing que debemos seguir"

Sonia López. CEO de Mr Broc

Mr Broc é unha empresa eminentemente en liña, un e-commerce, que non conta cunha tenda física presencial, polo que necesitaba reforzar as súas estratexias en marketing dixital. Ademais, dende hai pouco máis dun ano conta cun enfoque máis dixital, ao desenvolver as súas propias aplicacións para que nenas e nenos e o seu contexto familiar poidan ver os seus debuxos en produtos téxtiles personalizados.

Como resultado diso, detectaron a necesidade de elaborar un plan de marketing dixital co obxectivo de poder achegar o seu produto ao maior número de persoas e mellorar a súa relación coa clientela. Así mesmo, buscaban que unha persoa experta neste eido fixese unha avaliación da súa páxina web para, así, poder ver o grao de usabilidade e o seu posicionamiento SEO/SEM nos motores de busca. O mesmo sucedía coas canles que usaban con usuarios/as, querían coñecer cales eran mellores e, unha vez rematase o programa, saber como empregalas e como medir estes resultados.





// O resultado


Coa súa participación no programa conseguiron obter un plan de marketing dixital e cubrir parte dunhas lagoas que sabían que existían, pero que non coñecían os métodos para resolvelas.

Así mesmo, mediante una auditoría realizada polo axente colaborador, coñeceron o posicionamento SEO/SEM da súa web e como poder melloralo dunha forma autónoma, así como saber cales eran as canles de comunicación máis axeitadas para chegar dun xeito máis adecuado ás persoas consumidoras.

Todo isto traducíuse nun aumento do índice de conversión das vendas e unha mellora na relación coa clientela ao usar este dun xeito adecuado ás ferramentas TIC.

“O programa Re-acciona TIC supuxo a cobertura dunha serie de lagoas que tiñamos moi identificadas despois de 3 anos de vida da empresa”

Sonia López
CEO de Mr Broc



// Web
<https://mrbroc.com>



// Vídeo
Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.